

REGULAMENTO DE LICENZAS FEDERACIÓN GALEGA DE SURF

TÍTULO PRELIMINAR

- I. Para a participación nas actividades e competicións organizadas pola Federación Galega de Surf, e preciso a posesión da correspondente licenza de federado expedida pola Federación Galega de Surf.
- II. A Licenza de Federado e o documento que acredita a inscrición na Federación Galega de Surf, e que permite participar nas actividades e competicións que esta organice e cantos outros dereitos se establezan nos Estatutos da Federación Galega de Surf, así como demais normas federativas.
- III. Todos os deportistas galegos que compitan en Galicia deberán ser titulares dan Licenza de Federado da Federación Galega de Surf.
- IV. A solicitude da Licenza de Federado implica a aceptación polo seu titular das normas técnicas, disciplinarias e económicas da Federación Galega de Surf.
- V. A expedición da Licenza de Federado axustarase o previsto no artigo 32 da Lei 11/1997, do Deporte de Galicia.

CAPITULO I CLASES, TIPOS DE LICENZAS DE FEDERADO E REQUISITOS.

Artigo 1 – Clasificación das Licenzas por categorías.

1. Licenza de Deportista.
2. Licenza de Xuíz.
3. Licenza de Técnico.
4. Licenza de Directivo.
5. Federado Amigo.
6. Licenza de Honor.

Artigo 2 – Tipo de Licenzas expedidas para os deportistas.

A Federación Galega de Surf contemplará os seguintes tipos de Licenzas de Federado para os deportistas que pretendan federarse:

1. **Licenza Deportista Senior**, para deportistas que no ano de emisión da licenza teñan 18 anos ou máis, incluíndo os que cumpran dita idade durante ese ano.
2. **Licenza Deportista Xuvenil**, para deportista que no ano de emisión da licenza teñan 15, 16 ou 17 anos, incluíndo os que cumpran 15 ese ano.
3. **Licenza Deportista Infantil**, para os deportistas que no ano de emisión da licenza teñan ata 14 anos.
4. **Licenza Deportista Escola (1º ano)**, para os deportistas que pertencen a Escola Galega de Surf, no seu primeiro ano como federado.
5. **Licenza Deportista Cursiños Escola**, para os deportistas que realicen cursiños da Escola Galega de Surf.

Artigo 3 – Requisitos.

Poderán solicitar Licenza de Federado:

- **Como Deportista**, persoas que practican surf, bodyboard ou longboard de nacionalidade española ou estranxeiros que cumpran os requisitos necesarios.

- **Como Xuíz**, os xuíces con título expedido ou habilitado pola Federación Galega de Surf.
- **Como Técnico**, as persoas con título de Técnico Deportivo en Surf ou Técnico iniciador expedido ou habilitado pola Federación Galega de Surf, que pertencen a Escola Galega de Surf.
- **Como Directivo**, os presidentes, secretarios ou membros da Xunta Directiva da Federación Galega de Surf ou de calquera de clubs inscritos nela.
- **Como Federado Amigo**, calquera persoa que quera colaborar coa Federación Galega de Surf.

Artigo 4 – Licencias de Honor.

A Xunta Directiva da Federación Galega de Surf poderá outorgar Licenzas de Honor a quen concorra nalguna das seguintes circunstancias:

- Deportistas galegos de Alto Nivel.
- Aquelas persoas que haxan destacado polas súas actuacións en apoio a práctica do deporte do surf.

A duración das Licenzas de Honor poderán ter carácter permanente ou temporal, do xeito que estableza a Xunta Directiva, pero a súa expedición será, sempre anual.

CAPITULO II **SEGURO DE ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL**

Artigo 5 – Seguro de accidentes.

As Licenzas de Deportista, Xuíz e Técnico, inclúen un seguro de accidentes de conformidade coa Lei 10/1990, do Deporte e o Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo.

A Licenza de Federado de Directivo e Federado Amigo non inclúe seguro de accidentes.

Artigo 6 – Seguro de Responsabilidade Civil.

Todas as Licenzas de Federado inclúen un seguro de Responsabilidade Civil dun mínimo de 300.000 euros.

CAPITULO III **FORMATO, PRAZO DE VALIDEZ E CAMBIOS DE LICENZAS**

Artigo 7 – Formato das Licenzas.

A Licenza de Federado, con independencia da cor e deseño de fondo que para cada ano se determine, deberá reflexar o seguinte:

En el **anverso**:

- Logotipo da FGS.
- Texto definitorio “Licenza de Federado”, do ano en vigor.
- Número de licenza.
- Datos de carácter persoal: Nome, DNI, data de nacemento, categoría e tipo de licenza e clube.

No **reverso**:

- Compañía de seguro de accidentes.
- Texto definido “Titular incluído na póliza de accidentes deportivos. No caso de accidente deportivo presentarse nos servizos médicos coa presente tarxeta”.
- Teléfono, Fax ou Email de asistencia, de información deportiva (Federación Galega de surf), e de información do seguro.

Artigo 8 – Prazo de validez.

A Licenza de Federado ten carácter anual, comezara a súa vixencia dende o momento da súa tramitación e rematará o prazo de validez da mesma ás 23:59 horas do día 31 de decembro do ano en curso.

Artigo 9 – Cambios de Licenza de Federado.

Para o cambio de Licenza de Federado dun clube a outro, durante o ano de emisión, o titular que o solicite deberá contar coa autorización do clube de procedencia. Non puntuando para o novo clube, se xa participou na competición polo clube de procedencia. De non obter dita autorización non poderá cambiar de clube, pero mediante solicitude do deportista deixará de puntuar para o clube de procedencia dende a data da solicitude. Recomendáselle os clubes asinar un contrato cos seus deportistas que regule a súa relación.

**CAPITULO IV
SOLICITUDE, EXPEDICIÓN, CONFLICTOS E ARBITRAXE.****Artigo 10 – Solicitude.**

As persoas que cumpran os requisitos poderán solicitar a Licenza de Federado a través do seu clube ou directamente a Federación Galega de Surf cubrindo todos os campos da Ficha de Federado en soporte papel ou mediante a web da Federación Galega de Surf (www.fgsurf.com), e ingresando na conta a nome da Federación Galega de Surf o importe da cuota da Licenza do ano en vigor.

Ata non recibir na Federación Galega de Surf a Ficha de Federado cos datos correctamente cubertos e a confirmación do banco do ingreso da cuota ou o xustificante da mesma, non se estenderá como solicitada a Licenza de Federado.

O menores de idade deberán contar con autorización dos pais.

Artigo 11 – Expedición.

1. Todas as Licenzas de Federado serán expedidas pola Federación Galega de Surf, no prazo de 15 días dende a súa solicitude, unha vez verificado o cumprimento de todos os requisitos deportivos establecidos para súa expedición.
2. A Federación Galega de Surf non poderá expedir Licenza de Federado aqueles deportistas que estean sancionados polo Comité Disciplinario da FGS.
3. Cada titular so se poderá ter unha única Licenza de Federado por categoría. Ás licenzas de Xuíz e Técnico incluírán

Artigo 12 – Interpretación de conflitos e arbitraje.

Calquera conflito que puidera xurdir da interpretación do presente Regulamento, deberá resolverse por unha Comisión de arbitraje, designada a tal efecto pola Xunta Directiva da Federación Galega de Surf.

ANEXO I
CUOTAS LICENZAS DE FEDERADO 2007

| Tipo de Licenza | Renovación | Nova |
|---|-------------------|-------------|
| | | |
| Licenza Deportista Senior | 25 € | 30 € |
| Licenza Deportista Xuvenil | 20 € | 25 € |
| Licenza Deportista Infantil | 15 € | 20 € |
| Licenza Deportista Escola (1º ano) | - | 20 € |
| Licenza Deportista Cursiños Escola | - | 5 € |
| | | |
| Licenza de Xuíz | 30 € | 40 € |
| Licenza de Técnico | 40 € | 50 € |
| Licenza de Directivo | - | 10 € |
| Licenza de Honor | - | - |